

Obxecto:	Informe do Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e o Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico (PE) Chao do Marco
Localización:	Concello de Becerreá (Lugo)
Promotor :	Enel Green Power España S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas en Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	LU-11/144-EOL
Data rexistro:	11.10.2022
Expedientes:	03.I.627.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA1165/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 11.10.2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Delegación de Lugo solicitoulle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) o informe sectorial correspondente ao estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do Parque eólico Chao do Marco, situado no concello de Becerreá (Lugo), de acordo co disposto no apartado 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Para iso se achega a ligazón de descarga da documentación correspondente, presentada pola entidade Enel Green Pwer España SL.

ANTECEDENTES:

O 04.10.2012 a DXPC emitira un informe favorable Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Chao do Marco (Becerreá, Lugo) coas cautelas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental que no se poderían realizar vieiros de nova traza ou gabias de condución eléctrica nos ámbitos de protección dos elementos do patrimonio cultural, ou ben executarse polos vieiros existentes; é que tamén sería necesario o control e seguimento arqueolóxico das obras.

O 22.09.2020 a DXPC autorizara a arqueóloga M^a José Bóveda Fernández para realizar unha prospección arqueolóxica encamiñada a avaliar o impacto arqueolóxico do Parque Eólico Chao do Marco, no concello de Becerreá, Lugo (cód.CT 102A 2020/648-0). En xullo de 2022 remitiuse unha memoria técnica asinada por M^a Paz Blanco Sanmartín coa eliminación do aeroxerador CM-01, cambios solicitados pola promoción e que non afectan nin xeran grandes modificacións respecto da avaliación realizada no ano 2020.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación



Estudo de impacto ambiental (EslA)

- O documento recolle a avaliación ambiental do PE Chao do Marco localizado na súa maior parte no concello de Becerreá aínda que o extremo norte da poligonal corresponde ao concello de Baralla. A instalación terá unha potencia de 48,00 MW, e contará con oito (8) aerogeneradores SG170 de 6,0 MW. As máquinas teñen unha altura ao eixe de 115m cun diámetro do rotor de 170m. Os aerogeneradores estarán conectados entre si e coa subestación transformadora "Chao do Marco", 33/220 kV situada no propio parque. A conexión coa rede de transporte de enerxía non se avalía neste proxecto.
- Sinálanse en coordenadas os vértices da poligonal, da subestación transformadora e as oito máquinas. As instalacións de interconexión dos aerogeneradores coa SET "Chao do Marco" serán soterradas e discurrirán en gabias construídas na súa maior parte nos laterais das vías do parque xunto coa liña de terra común e a rede de comunicación de fibra óptica. Xunto á subestación eléctrica construírase un edificio independente para albergar o centro de control e outros servizos necesarios.
- Para o acceso ao parque eólico construíranse 1,903 km de novos viais e adaptaranse 9,636 km de vías existentes aos requisitos para os transportes especiais. A rota de acceso farase dende a estrada LU-P-0708 (cara ao núcleo de Pedrelada) para chegar á aliñación de aerogeneradores CM02, CM03 e CM04, cun acceso diferenciado para o aerogenerador CM09; ao resto dos aerogeneradores (CM05, CM06 e CM07) chegaríase por unha pista forestal, pasado o lugar do Lago. As vías interiores do parque terán seis metros de ancho aproveitando ao máximo a rede de camiños existentes. A lonxitude total das vías afectadas é de 11.539 m. As pendentes máximas serán de 13% nos tramos rectos e do 7% nas curvas que terán un radio mínimo de 50m.
- Para proxectar este parque eólico consideráronse tres alternativas: alternativa 0, alternativa 1 (2011) e alternativa 2 (2022) que foi a adoptada finalmente.
- O Anexo II do EslA achega o Estudio de Impacto e Integración Paisaxística no que se expoñen os condicionamentos técnicos que determinan a implantación do parque eólico tendo en conta os elementos do patrimonio cultural e as distancias dos contorno de protección dos mesmos. Faise unha delimitación da cunca visual considerando as alturas dos aerogeneradores e da SET estudando os límites de visibilidade en tres distancias (ata 3,5 km, ata 10 km e ata 20 km) con respecto aos Camiños de Santiago, a bens de interese cultural (BIC) e a outros elementos patrimoniais. Desta análise despréndese que o proxecto conta con 14 BIC na súa envolvente de 20 km (sen contar o Camiño de Santiago, que se valora no seu propio tramo), dos cales só un está na conca visual do proxecto. Achéganse simulacións (seis) realizadas con Photoshop que pretenden mostrar unha comparación aproximada de como sería a paisaxe antes e despois da instalación a partir de certos puntos.
- No anexo III, Estudio de efectos acumulativos y sinérgicos, indícase que consultada a cartografía do Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA) as infraestruturas do parque non interceptan ningún BIC, nin ningunha área integral, así como ningunha contorna de protección de elementos catalogados. E que todos os elementos arqueolóxicos se atopan fóra da poligonal do parque eólico. Indícase que os posibles efectos acumulativos indirectos sobre os BIC pola perda da calidade paisaxística do seu contorno durante a fase de construción poden ser valorados como non significativos, polo seu carácter temporal e pola súa escasa intervisibilidade.
- Os aspectos referidos ao patrimonio cultural recóllense no Anexo IX, Memoria técnica del Estudio de impacto cultural Parque eólico Chao do Marco. Termino municipal de Becerreá provincia de Lugo, que achega a memoria da prospección arqueolóxica realizada por M^a José Bóveda Fernández, (código CT 102A 2020/648-0). Segundo este documento foron identificados, no ámbito máis próximo de estudo 5 elementos patrimoniais (un de carácter arqueolóxico, tres etnolóxicos e un arquitectónico), tres zonas de control de vexetación e unha zona de cautela.

Os bens arquitectónicos e etnolóxicos identificados son os seguintes:

Elemento	Axente de impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
Capela de San Lourenzo	Dentro da poligonal, a máis	Sen impacto	Sinalización na cartografía de obra



de Vilares	de 600 m das infraestruturas.		do elemento e a súa área de protección.
Hórreo de Pedrelada	Dentro da poligonal, a máis de 300 m das infraestruturas.	Sen impacto	Sinalización na cartografía de obra do elemento e a súa área de protección.
Palloza Casa de Pedrelada	Dentro da poligonal, a máis de 300 m das infraestruturas.	Sen impacto	Sinalización na cartografía de obra do elemento e a súa área de protección.
Hórreo de Lago	Gabia de cableado a 4 m ao E e N do elemento. Pista asfaltada que une os aeroxeradores a 16 m.	Severo	Sinalización na cartografía de obra do elemento e a súa área de protección. Control do replanteo da gabia para asegurar que se cumpre a distancia. No caso de que se considere necesario se balizará o ben.

- Nesa memoria menciónase a ausencia de xacementos arqueolóxicos na área da poligonal do parque eólico, enmarcada non obstante nun espazo onde abundan os xacementos tumulares (cítanse os xacementos Medorras do Couso das Cabanas -RE27006014 e RE27006015-, Madorras de Cabeza do Río -GA27006019 e GA27006027-, ou as Medorras de San Pedro -RE27006011, GA27006032, GA27006033 e GA27006034-). Unicamente o Castro de Vilar de Frades (GA27006008), encravado entre as parroquias de Ouselle e Vilachá, está parcialmente incluído no ámbito delimitado para a poligonal.
- Para establecer as bandas de protección dos elementos patrimoniais tivéronse en conta tanto as recollidas na normativa urbanística, municipal e territorial, como as especificadas con carácter xeral no artigo 38.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Os traballos de prospección formuláronse segundo os protocolos habituais neste tipo de intervencións. Sinálase que, logo da investigación documental realizada, fíxose unha prospección extensiva encamiñada a detectar posibles novos xacementos no espazo delimitado pola poligonal do parque, e unha prospección intensiva na banda de 200 m arredor dos espazos afectados polas obras previstas, remarcando que a morfoloxía do terreo e máis o estado da vexetación impediron ou dificultaron a localización de xacementos arqueolóxicos en boa parte do espazo. Establécense unha serie de medidas cautelares en base ás devanditas circunstancias, consistentes no control da tala e a retirada de vexetación nalgúns zonas, identificadas como Grobo de Rebochao, a Pena do Calamouco, O Pozo dos Lobos e Pena Quente. Estas áreas comprenden respectivamente unha parte da vía que dá acceso ás turbinas eólicas do norte, parte da estrada e ás máquinas CM06, CM07 e CM08. Achéganse fichas destes espazos onde é necesaria unha revisión especial indicando as súas características, obras proxectadas, afeccións previstas e medidas correctoras necesarias. As fichas están actualizadas á data de entrega.
- O impacto arqueolóxico avalíouse de acordo cos graos que determina a Lei 21/2013 de avaliación ambiental e as distancias aos elementos potencialmente afectados, establecendo os seguintes niveis de impacto: compatible (cando as obras están fóra do ámbito de respecto de 200 m); moderado (cando as obras están dentro da zona comprendida entre 100 e 200 m); severo (cando as máquinas circulasen a unha distancia inferior a 100 m); e crítico (no caso de afectarse directamente o xacemento arqueolóxico ou a súa contorna inmediata). Sinálase tamén que si se estimase necesario pola importancia ou características dos bens, pódense recoller algúns elementos localizados fóra da banda afectada polas obras. Nestes casos, serían considerados na categoría de sen impacto.
- As medidas correctoras póñense en función da localización do elemento, da súa tipoloxía, das causas que provocan a afección e da previsión do impacto hipotético que estas terían sobre o elemento protexido. Establécense unhas medidas correctoras mínimas de carácter xeral para



todos os elementos afectados e unhas medidas correctoras recomendadas axustadas a cada caso específico.

- Como medidas xerais propostas establécense:
 - A sinalización nos planos de construción de todos os elementos patrimoniais existentes dentro da zona afectada do proxecto construtivo e as súas bandas de protección legal.
 - A prohibición de realizarán retiradas ou acopios imprevistos en ningunha zona da obra sen consultar previamente co equipo arqueolóxico que realiza o traballo de control patrimonial das obras.
 - A aprobación e supervisión por parte de arqueólogos/as de calquera obra de reforma ou modificación de vías ou camiños non previstos no proxecto.
 - A restrición das obras de construción das plataformas, zapatas e outras infraestruturas limitárase ás zonas sinaladas para tal fin reflectidas na planimetría.
 - A prohibición da circulación e/ou o estacionamento de maquinaria fóra das zonas habilitados para tal fin, especialmente no ámbito dos bens patrimoniais contidos neste documento e as súas respectivas áreas de protección.
- As medidas específicas recollen que o equipo arqueolóxico encargado das tarefas de control terá un deseño semanal do plan de traballo que permita realizar os traballos de revisión coa suficiente antelación do arranxo e control da limpeza da vexetación, en todas as zonas con árbores e tamén, e especialmente, naquelas zonas sinaladas na planimetría como áreas de control da tala e eliminación da vexetación.
- O Estudo de Impacto Cultural considera que o xacemento do Castro de Vilar de Frades (GA27006008), cuxo contorno de protección está parcialmente incluído na poligonal delimitada non ten ningún impacto.
- Por outra banda, indica como impactos compatibles:
 - Unha zona identificada como Grobo de Rebochao para realizar o control arqueolóxico da limpeza da vexetación. Localizada na parroquia de Sancti Spiritus de Fontarón (Becerreá). O acceso pasa sobre unha zoa de afloramentos de gran porte que están parcialmente ocultos pola vexetación polo que terían que revisarse cando se roce a zona. Como medida correctora específica: control da limpeza e eliminación da vexetación, ademais dunha exhaustiva revisión dos afloramentos existentes na zona antes do inicio das obras.
 - Unha zona identificada como Pena de Calamouco para realizar o control arqueolóxico da control de tala e a roza da vexetación. Toda a zona do vial e a posición do aeroxerador CM06 está cuberta por unha densa vexetación que impide considerar a zona como correctamente prospectada de forma intensiva. Como medida específica propónse o control da tala, limpeza e eliminación da vexetación. Ademais, haberá un revisión exhaustiva dos afloramentos existentes na zona antes do inicio das obras.
 - Unha zona identificada Pena Quente para realizar o control arqueolóxico da control de tala e a roza da vexetación. Toda a zona de viais e posicións dos aeroxeradores CM07 e CM08 está cuberta dunha densa vexetación que impide considerar a zona como correctamente prospectada de forma intensiva. Como medidas correctoras específicas sinálase o control arqueolóxico da tala, limpeza e eliminación da vexetación; farase ademais unha revisión exhaustiva dos afloramentos existentes na zona antes do inicio das obras.
- O estudo identifica e considera un impacto severo nunha zona de cautela nomeada Pozo dos Lobos. Neste caso o vial do aeroxerador CM07 pasaría por esta zona na que se documentou este topónimo na planimetría catastral. O estado de densa vexetación nese lugar impediu realizar unha prospección arqueolóxica intensiva da zona. Como medidas correctoras específicas propónse realizar o control arqueolóxico da limpeza e eliminación da vexetación, e logo despois a prospección intensiva desta zona unha vez rozada a vexetación de toda a superficie que abrangue as futuras obras así como do seu contorno inmediato.

Proxecto de interese autonómico (PIA)



- Ten por obxecto realizar a ordenación territorial dos terreos afectados pola implantación do Parque eólico Chao do Marco, situado no termo municipal de Becerreá, provincia de Lugo. Indícase que a data de redacción do proxecto os instrumentos de ordenación do territorio vixentes con posible incidencia no ámbito territorial do presente proxecto son: as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT); o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento de infraestruturas da Xunta de Galicia (2013), o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia (2014), a consolidación da liña de alta tensión (LAT) 132 kV O Corgo-Triacastela (2011) e o Parque eólico Serra do Punago-Vacariza (2019). Indícase que o proxecto do parque eólico cumpre as normas de aplicación directa recollidas no Título III da Lei 2/2016, de febreiro, do solo de Galicia no relativo a adaptación ao medio ambiente e protección da paisaxe (artigo 91).
- No relativo a planificación urbanística, analízase a relación do parque eólico coa normativa urbanística vixente. Indícase que ao abeiro do disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia, a nova categoría de solo proposto neste documento superporase, sen desprazalo, sobre a que ostenta o solo na ordenación, prevalecendo o que outorga maior protección. A planificación urbanística nos concellos afectados é a que segue: Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Becerreá (1997), Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Baralla (1991), o Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA) e a actualización deste (Resolución da DGOTU, de 25 de maio de 2020, pola que se aproba a actualización do PBA).
- No apartado Protecciones y Condiciones Ambientales indícase que no EsIA do proxecto do parque eólico realízase un estudo detallado dos posibles efectos, visuais, paisaxísticos, acústicos, culturais, así como das medidas correctoras, de prevención e de integración ambiental, a adoptar nas distintas fases do proxecto.
- No apartado do Anexo I, Paisaje patrimonio natural y cultural, sinálase que nos traballos ambientais realizados identificáronse as distintas unidades paisaxísticas e analizouse a súa estrutura física no territorio para garantir a compatibilidade das actuacións co desenvolvemento sostible da paisaxe e que dende o punto de vista do patrimonio cultural, realizáronse os estudos arqueolóxicos pertinentes e como resultado deles adecuáronse as infraestruturas do parque, co obxectivo de minimizar o impacto.
- No Anexo IV do documento PIA, Afecciones Ambientales, recóllese a afectación polo acondicionamento do terreo na obra civil de dos conxuntos e bens artísticos.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- O actual proxecto supón unha modificación do informado de xeito favorable pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 05.10.2012, no que se reduce o número de aeroxeradores, pasando de 16 a 8 e se cambia o seu modelo cun incremento da altura total, que pasaría de 175 a 200 m.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o plan básico autonómico, os visores do Instituto de Estudos do Territorio, e o planeamento municipal constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens integrantes do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados no Estudo de impacto sobre bens culturais que constitúe o Anexo IX do EIA, no que se valora o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
- Entre estes bens cómpre resaltar, pola súa proximidade ás obras, o hórreo do Lago, tradicional da zona de Becerreá, con cuberta de lousa a 4 augas. Proxéctase a gabiá de cableado a tan só 4 m do elemento, cando existe unha estrada asfaltada a unha distancia de 16 m que vai en paralelo ao trazado da gabiá.
- Dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno non existen bens de carácter arqueolóxico que se poidan ver afectados pola construción do parque eólico (agás o contorno de protección do Castro de Vilar de Frades -GA27006008-).
- O EsIA describe as actuacións previstas nos accesos dentro da poligonal do parque eólico, pero non se avalía o posible impacto ao patrimonio arqueolóxico dos accesos fóra da poligonal, especialmente, na estrada LU-P-0708 e no percorrido dende o enlace de esta estrada coa autovía



A-6 e a N-VI, trazado no que se localizan elementos catalogados e referencias arqueolóxicas (GA27006023, GA27006028, GA27006032 e RE27006011).

- Logo de revisar os planos de pendentes do MDT do PNOA detectáronse dúas áreas susceptibles de conter xacementos arqueolóxicos: un desprendemento/corremento de terras situado preto do emprazamento do aeroxerador CM8, a 150m ao leste do mesmo (coordenadas UTM ETRS89 Zone 29, X= 651740, Y=4750304), que podería ser compatible con restos de traballos de minería antiga, nas. E outra de menor entidade, situada ao norte (no concello de Baralla), lonxe das actuacións proxectadas pero dentro da poligonal do parque eólico.(coordenadas UTM ETRS89 Zone 29 649151,4754936). Sería oportuno verificar estas anomalías para tratar de dilucidar se existen algún xacemento arqueolóxico neses lugares.
- Asemade, é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens arqueolóxicos non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configurar a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. A este respecto, o propio estudo propón zonas de especial cautela que non puideron ser convenientemente revisadas en campo, que require dunhas medidas protectoras adecuadas.
- Respecto ao proxecto de interese autonómico, compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EIA. Porén, na planimetría do proxecto, nos planos de ordenación proposta, non aparecen grafados a totalidade dos bens do patrimonio cultural recollidos no Estudio de Impacto Ambiental.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, considérase que o proxecto de Parque eólico Chao do Marco (Becerreá, Lugo) é compatible coa protección e a conservación do patrimonio cultural segundo o deseño que se reflicte na documentación remitida e coas medidas protectoras e correctoras establecidas no Anexo 09 do EslA, Memoria técnica del estudio de impacto cultural, debendo ter en conta asemade as seguintes condicións e consideracións:

- Deberán verificarse as áreas identificadas neste informe con indicios de posibles restos de minería antiga, que foron detectadas nas coordenadas UTM (ETRS89 zona 29) X=651740, Y=4750304, e mais nas coordenadas X=649151, Y=4754936; de cara a confirmar ou desbotar a posible presenza de xacementos arqueolóxicos non coñecidos neses lugares, e, de ser o caso, facer as oportunas valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- A traza da gabiá de cableado que afecta o contorno de protección do hórreo de Lago deberá proxectarse pola cuneta da estrada LU-P-0708 ou o máis próxima posible a ela para afastarse do elemento etnolóxico.
- Con carácter previo ao inicio das obras de construción do parque eólico, realizarase unha supervisión das rozas de vexetación naquelas zonas de cautela indicadas no EslA, que terá carácter presencial, intensivo, continuo e a pé de obra.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). No devandito proxecto recolleranse todas as medidas protectoras e correctoras xerais e específicas establecidas no EslA, e as derivadas das consideracións que se fan no presente informe.



- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos elementos arqueolóxicos (neste caso, o conxunto dos Túmulos de Lavandeira) ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren.
- No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, o que poderá dar lugar a modificacións na implantación das infraestruturas e ao establecemento de novas medidas protectoras e correctoras.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento no que se concrete a ruta de acceso que finalmente se elixa e no que se detallen as actuacións concretas a realizar nos camiños que se empreguen (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc), identificando os bens do patrimonio cultural que se poidan ver afectados e os tramos nos que existan muros e peches tradicionais, bens arqueolóxicos ou etnográficos (cruceiros, hórreos, muíños...). Nese documento valorarase a posible afección aos elementos do patrimonio cultural e os seus contornos e se detallarán as medidas protectoras e correctoras necesarias para salvagardar o patrimonio cultural. Avaliarase o posible impacto na estrada LU-P-0708 e no percorrido dende o enlace desta estrada coa autovía A-6 e a estrada N-VI, trazado no que se localizan elementos catalogados e referencias arqueolóxicas (GA27006023, GA27006028, GA27006032 e RE27006011). Esta avaliación terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o PBA.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.

Respecto ao PIA

- Deberá incorporar calquera modificación no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes para que haxa total correspondencia entre o proxecto executivo, o EsIA e o PIA. Asemade deberá incluír a totalidade do inventario dos bens identificados no EsIA, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no mesmo.



- Os contornos de protección dos bens de patrimonio cultural serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados en campo. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- De ser o caso, os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe emítese dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e para iso, o promotor ou o concello deberá remitir o correspondente proxecto técnico previa concesión de licenza.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS EN LUGO DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
INDUSTRIA E INNOVACIÓN

